

Andrea Fernández: “Hai un relevo xeneracional boísimo”

Adrián Godar Vilagarcía

9 de xuño de 2023

<https://www.farodevigo.es/arousa/2023/06/09/hai-relevo-xeneracional-boisimo-88474126.html>

Como boa escritora sempre ten algo que contar. Andrea Fernández Maneiro (Vilagarcía, 1964) coa alegría que a caracteriza sempre está presta e disposta a abordar todo o referente a literatura. Neste senso, a poesía deulle numerosos galardóns e recoñecementos. A súa pasión pola forma de comunicar comezou nas ondas no que desenvolveu a súa labor por Galicia adiante nas emisoras máis coñecidas.

A súa paixón pola escritura non parece ter punto e final e, no mes pasado, publicou o seu último libro “Voto de silencio”, antes de idear “Conversas arredor do libro” que se estrea hoxe as 20.30 horas no Auditorio Municipal baixo un formato que pretende acercar o arte as rúas para que a xente se enganche.

–¿Que ten a poesía que che conquistou?

–Son unha persoa que non serviría para escribir unha novela. A linguaxe é diferente e a gran extensión que ten non me gusta. Quero contar moitas cousas e nas novelas non se fai. Encántame describir emocións. Son unha persoa caótica e a miña mente vai de un lado para outro; é terrible xa que non o podes controlar e iso podes manifestalo na poesía. O que está claro e que ten que contar algo, se non me transmite emoción, non me vale.

–Desenvolveu a súa traxectoria profesional moitos anos na radio. ¿Qué lle aportou o medio na súa actual faceta como escritora?

–Non me aportou nada en absoluto. Restoume tempo e gusto. O xornalismo tivo a súa etapa, que está pechada, e onde tiveron moi boa xente arredor coa que aprendín. O xornalismo non ten nada de poético, aínda que levei un premio por unha reportaxe de sucesos que puideron adornar para suavizala. A morte e os sucesos teñen a súa poesía negra. Penso que lle aportou máis o meu traballo literario ao xornalismo que ao revés.

–Como mudaron os tempos.

–A poesía segue estando onde está, nun eido metido nun recuncho. Si que cambiou a dinámica con respecto as mulleres, que afortunadamente as tratan con maior respecto. Sen embargo, seguen sendo secundarias na poesía.

–Acumula diferentes galardóns coma escritora cunha traxectoria difícilmente mellorable.

–Eu non miro para atrás, miro para adiante. O pasado non me interesa. No referente aos premios, cada un significa un libro e téñolles un especial aprecio, pero en especial lémbrome do Illas Sisargas de poesía erótica posto que foi un exercicio duro para min tras criarme nunha escola de monxas. Divírteme moito experimentar en cousas novas e iso era una nova experiencia onde traballei anos arreo para preparar este poemario. Cando gañei flipei. Non o esperaba para nada.

–¿Periga o relevo xeracional na poesía?

–Non. Hai un montón de mozos moi bos. O problema é que na xente da miña idade ou estás consagrado ou se acabas de chegar mirante con certo receo. Escoitenlle a unha poeta nova que lle estábamos a ocupar un espazo que era de eles. Faime moita gracia, penso que os espazos non son de ninguén. Se gustas a xente vanche ler. A poesía non é unha cuestión de espazos senón de chegar á xente e que ela escolla. Isto non está na man de quen escribe. Se tes que adicarte a vender únicamente, xa non estamos falando de poesía. Hai un relevo xeneracional boísimo.

–¿Cómo se conquista á mocidade?

–Xa está conquistada. Quen non están conquistados son os mestres e mestras de Secundaria. Os rapaces, se nos fixamos, prefiren a poesía. Os cativos inclínanse polas frases que rimen e os adolescentes están a outras cousas máis existencialistas. Ao final, os únicos que renegamos somos os adultos.

–Nunha época na que prima o infoentretenimento, ¿hai espazo para a cultura?

–Teñen outro xeito de ver a cultura. É lóxico. Nós tamén o tiñamos e cada xeración o tiña. Encántame ver os mozos participando, a pesar de ser un xeito diferente ao que facíamos nós.

–Publicou o mes pasado “Voto de silencio”, ¿qué nos vamos a atopar nesta obra?

–É un libro que denuncia o que significaron os colexios relixiosos para as nenas. Mostra unha educación da creación das nenas para casar ou ser monxas. Eran as condicións para o que estábamos programadas as mulleres, tiñamos que saber sumar e restar para levar a parte económica da casa, do resto non había que saber máis. Isto marca moito, se cadra se eres unha persoa rebelde. Reflicto a guerra entre resistir no interior -coma fixen eu- ou simular que te adaptabas. Crearon mulleres para mostrar que estaban ben e non era realidade.

–Ten un forte compoñente persoal de vostede.

–Así é. Tamén ten fábulas con historias que te chegan a ti procedentes de outros colexios. Quixen facer un compendio de historias que se facían no que na época se creaban tabúes no referente ao corpo. Ensinábons que o corpo da muller era un templo, o concepto é o de crear un obxecto de devoción, pero ao final, un obxecto.

–Lonxe de adicarse únicamente á escritura promoveu “Conversas arredor do libro”.

–Todos consideramos que á hora de escribir é un traballo en solitario. Eu non. O importante antes de chegar a xente é que as poetas amigas me revisen as cousas, xa que considero que temos que crear entre nós ese vínculo. Ese vínculo o que fai é fortalecer a visión da poesía no

exterior. Somos máis visibles cando estamos tres poetas en vez de un. Con “Conversas arredor do libro” pretendo que as artes rematen sendo un traballo colectivo. Non desboto que sexan de un cuadro nun momento dado levando a un pintor ou incluso a un fotógrafo. Tentamos que isto sexa multidisciplinar co tempo, aínda que agora está concentrado en Vilagarcía, pero agardo que se espalle e medre de outra maneira.